

Acta núm. 13/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 4 de xuño de 2019.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 4 de xuño de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde en funcións José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 13 de maio de 2019.

2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).

3º.- Licenzas de obra menor.

4º.- Licenzas de obra maior.

5º.- Prezos p3blicos.

6º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 13 DE MAIO DE 2019.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 13 de maio de 2019, acta núm. 12/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por Ana C. Camiño Villaverde, que di actuar en representaci3n da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTEBALADO, na que comunica que van realizar as seguintes obras na Urbanizaci3n Monte Balado:

.- Reparar a cuberta da caseta de telecomunicaci3ns, de aproximadamente 15 m², modificando a súa tipolox3a e formando unha cuberta inclinada e con tella por encima.

.- Pintar o exterior da caseta de telecomunicaci3ns.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo urbano (UC3), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexu3zo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por MANUEL PADIN CARNOTA, na que comunica a legalizaci3n das obras de construcci3n dunha cuberta de pranchas de fibrocemento sobre unha estrutura porticada de formig3n en Cornanda 9, Cornanda.

A parcela onde se executaron as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado (NRO-1) e se atopa dentro da aldea de Cornada, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como CE2.

Visto o informe desfavorable de asesor xurídico urbanístico do Concello 30.04.2019, no que se sinala:

1.- As obras que se pretenden legalizar, consistentes na instalación dunha uralita de chapa sobre unha estrutura metálica, tal e como o propio solicitante sinala na súa solicitude, foron obxecto do expediente de reposición da legalidade 2019/003/000074. Dito expediente resolveuse mediante o Decreto 79/2019 de 15 de febreiro de 2019, no que se ordena a súa demolición.

No expediente de reposición da legalidade consta informe técnico do 14.07.2018 sobre a adecuación das obras á legalidade urbanística emitido pola Arquitecta municipal no que se sinala que, segundo as condicións xerais do PXOM, a cuberta debería presentar unha pendente mínima de 26,56° e estar acabada con tella de barro cocido. Ademais a tipoloxía executada e os materiais empregados non se axustan ás características tipolóxicas, estéticas e construtivas, nin son acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento polo que, en consecuencia, as obras non resultan legalizables.

2.- Polo tanto, a resolución do 15.02.2019, que puxo fin ao procedemento de reposición da legalidade, de acordo co disposto no artigo 152.3.a da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, ordenou a demolición das obras por considerar que, tanto a estrutura porticada de formigón como as pranchas de fibrocemento que lle serven de cuberta, non son legalizables e, por tal motivo, non se pode pretender agora a súa legalización e evitar así a orde de demolición.

Agora ben, no caso de que o interesado considerase que a resolución que puxo fin ao procedemento de reposición da legalidade non se axustaba a Dereito, o que se debería ter feito, sería interpor contra aquela, ben recurso potestativo de reposición, cousa que xa non é posible ao terse cumprido o prazo dun mes dende a súa notificación (que foi o 22.02.2019), ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa, tal e como se lle advertía no pé de recurso incluído na mesma. Polo tanto, agora non ten sentido solicitar, nos termos que o fai o interesado, a legalización das obras, precisamente porque estas xa foron declaradas ilegalizables polo Decreto da Alcaldía 79/19, contra o cal, puido, o interesado, interpor no seu momento os recursos que estimase oportunos por consideralo contrario aos seus intereses.

3.- Asemade, ao non ter constancia da interposición de ningún recurso contra o Decreto solicitando a suspensión da súa execución, este resulta ser plenamente eficaz. Por tal motivo e considerando que o prazo dun mes concedido para proceder á demolición das obras executadas ilegalmente xa se cumpriu sobradamente, compre advertir ao interesado de que, de persistir na súa conduta, o Concello procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, que poderán ser reiterables ata acadar a execución polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

Por todo o anterior infórmase desfavorablemente a solicitude formulada por don Manuel Padín Carnota para a legalización das obras executadas no lugar de Cornada núm. 9, no Concelle de Brión, consistentes na instalación dunha prancha de uralita sobre unha estrutura metálica por tratarse dunhas obras ilegalizables sobre as que existe orde de demolición acordada polo Decreto 79/2019 de 15.02.2019.

Visto o informe desfavorable da arquitecta municipal do 16.05.2019, no que se conclúe que a tipoloxía executada non se axusta ás características tipolóxicas, estéticas, construtivas, e os materiais non son acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, e

segundo as condicións xerais do PXOM a cuberta debería presentar unha pendente mínima de 26,56º e estar rematada con tella de barro cocido.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda non autorizar a legalización das obras polos motivos expostos nos informes transcritos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN BLANCO FRESCO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Torre 9, Brión, de 40 m², substituíndo a cuberta actual por outra a base de pranchas de fibrocemento e tellas, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e situase dentro do ámbito de protección do elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificado como BE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Eva Aldariz Arias, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO B. 18-19, na que comunica que van realizar as seguintes obras no edificio da Urb. Monte Balado B. 18-19:

- .- Limpeza das fachadas e canalóns.
- .- Reparación de fisuras.
- .- Pintado de fachadas e patios.
- .- Aplicación dun revestimento impermeable.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO LOPEZ GONZALEZ, na que comunica que vai facer un paso sobre un regato estacional na parcela con referencia catastral 15013A009002790000UZ, situada en Mourentáns, Viceso.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira, 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución de Augas de Galicia de data 07.05.2019 (expediente DH.W15.64081), acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións establecidas na autorización de Augas de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DOLORES BARCA SUAREZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda de Aguiar 28, Brión:

- Reparar a cuberta substituíndo a cobertura actual por outra a base de pranchas de fibrocemento e tellas novas, sen incrementar o seu volume.
- Colocar canalóns e baixantes.
- Chapado de pedra na cheminea.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e situase na aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como BE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA LOURDES GOMEZ GARCIA, na que comunica que vai revestir con pedra rústica as fachadas da vivenda de Fonte Paredes 23, Ons.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Manuel Vázquez Armesto, que di actuar en representación de INFINITIVUS S.L., na que comunica que vai delimitar a propiedade privada ao borde do camiño, cun cerco temporal a base de postes e arame, en O Casal.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

Visto o informe desfavorable do asesor xurídico urbanístico do Concello de data 16.05.2019, no que se sinala: En relación co escrito presentado por don José Manuel Vázquez Armesto con n.r.e. 1127 de data 3 de abril de 2019, para a obtención dun permiso temporal para a instalación dun cerco con marcos e arame no bordo da parcela emítese o seguinte informe:

1.- En relación co escrito de data 3.04.2019, e como primeira cuestión debe sinalarse que o solicitante non chega a precisar a parcela ou parcelas nas que pretende instalar o cerco, limitándose tan só a facer unha enumeración dunha serie de parcelas que son da súa propiedade, circunstancia xa sería dabondo para non acceder ao interesado, ante a falla de concreción, non obstante o cal, compre ofrecer unha resposta sobre o fondo do asunto á vista de que o solicitado, tal e como se pretende, non resulta compatible coa normativa urbanística como logo se dirá. Por tal motivo, dedúcese, a partires do contido do escrito, que o permiso temporal se solicita para a instalación do cerco na parcela sita no lugar de O Casal núm. 26, xa que foi nesta parcela na que don José M. Vázquez instalou dous bloques de pedra precisamente, co fin de evitar que se aparcase nela.

Tendo en conta o que se acaba de indicar, compre recordar que dita actuación motivou a apertura do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 2018/G003/000191, que foi resolto pola resolución da alcaldía de 13.04.2018, que ordenou a retirada dos bloques de pedra que ocupaban parte do camiño sito en Guimaráns, O Casal. Resolución que foi confirmada pola Sentenza de data 27 de marzo de 2019, ditada polo Xulgado Contencioso - Administrativo núm. 3 de A Coruña

no PA 238/2019 e da que se infire que, para poder levar a cabo unha actuación como a que agora se pretende, como é a instalación dun cerco de marcos e arame ao bordo do camiño, compre obter título habilitante previo, xa que tal actuación supón un verdadeiro acto de ocupación do solo (cfr. artigo 360.2 do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia) título habilitante cuxa finalidade non é outra que o sometemento ao control municipal da actuación pretendida e a súa adecuación á normativa urbanística aplicable, que neste caso, esixe un recuado do cerco, respecto ao eixo do vial de 5 metros.

2.- Por outra banda, non é certo que os límites da propiedade privada e o terreo público non sexan precisos, xa que, aos meros efectos de delimitar o camiño e co fin de resolver o expediente de reposición da legalidade antes mencionado, ditouse resolución da alcaldía nº 23/2018, de 15.01.2018, que aprobou a delimitación de replanteo do camiño público de concentración parcelaria no lugar de O Casal, de acordo co plasmado no Proxecto de "Deslinde e Replanteo do Camiño de Concentración Parcelaria" redactado pola enxeñeira técnica agrícola, dona Cristina Sánchez Vázquez, quedando así os límites do camiño perfectamente delimitados. Esta resolución tamén foi confirmada por Sentenza de 12 de novembro de 2018 ditada polo Xulgado Contencioso - Administrativo núm.1 de A Coruña, no PA 153/2018 no que a entidade Infinitivus S.L. foi parte recorrente, motivo polo cal, non se entende que existan dúbidas respecto dos límites entre os terreos público e privado cando aqueles xa foron precisados pola resolución de 15.01.2018.

3.- Polo tanto e sen prexuízo de que a solicitude non cumpre os requisitos mínimos para a súa tramitación, non se pode acceder ao solicitado, precisamente polos mesmos argumentos xa ofrecidos na Sentenza de data 27 de marzo de 2019, ditada polo Xulgado Contencioso - Administrativo núm. 3 de A Coruña no PA 238/2019, na medida na que se pretende a instalación dun cerco ao bordo do camiño sen respectar os cinco metros de recuado ao eixo, o que, como se acaba de indicar resulta contrario á normativa urbanística.

Tendo en conta o que se acaba de sinalar, emítense informe desfavorable á solicitude, resultando procedente que por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Brión, se adopte acordo no que se faga constar que non se concede autorización para a instalación que se pretende, consistente na instalación dun cerco con marcos e arame no bordo da parcela, e que, para levala a cabo compre obter título habilitante previa solicitude de acordo co disposto nos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, que haberá de respectar en todo caso os cinco metros de recuado con respecto ao eixo do camiño ao que da fronte a parcela.

Visto o informe desfavorable da arquitecta municipal do 27.05.2019, no que se sinala que o carácter temporal exposto na solicitude non aparece recollido nos usos permitidos en solo rústico, art. 33 da Lei 2/2016, polo que as súas condicións deben axustarse ás condicións dos peches, que en base ao artigo 3.9 do PXOM, en aplicación do artigo 92 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, debe situarse a 5 metros do eixe do vial.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda non autorizar as obras polos motivos expostos nos informes transcritos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Bastavaliños, Bastavales, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o apoio existente HV-250-11, ata a

ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha zanja cunha lonxitude total de 42 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, visado núm. 20182520, do 03/09/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e das resolucións favorables do Servizo de Xestión Cultural, da Consellería de Cultura e Turismo de data 13/02/2019 (expediente: 2508/18) e de Augas de Galicia de data 07/05/2019 (expediente: DH.W15.64007), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 543,28 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A. na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica no lugar do Piñeiro 29, Os Ánxeles, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o condutor RZ 150 existente no apoio HV 11-1000, ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha zanja cunha lonxitude total de 40 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Pedro Tizón Barro, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, de data 09/04/2019, visado nº 1137/19-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 535,90€, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia asinada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD S.A. na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica en Coruxido, Bastavales, proxectando obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión derivando o condutor XZ1 240 existente e tendendo o condutor XZ1 50 desde a arqueta proxectada ata a ubicación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha zanja cunha lonxitude total de 11 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Pedro Tizón Barro, visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña de data 09/04/2019, visado nº 1146/19-CO.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 581,31€, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Alfonso Suárez Alvite, que di actuar en representación de JOSE MARIA GARCIA GOMEZ e PATRICIA VEIGA VARELA, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Aguiar 39, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.03.2019 e documentación complementaria visada o 23.05.2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6568609NH2466N0001EQ) está situada en solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 04.03.2019 e documentación complementaria visada o 23.05.2019.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 250,00 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de maio de 2019.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO- PREZOS PÚBLICOS.

5.1. Prezo público pola asistencia ao curso de monitor de comedor e transporte escolar.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 26/04/2019 de prezo público para a asistencia ao curso de monitor de comedor e transporte escolar, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 13.05.2019.

Vistos o informe técnico do 25/04/2019 e o informe de intervención do 02/05/2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de monitor de comedor e transporte escolar, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....40,00 €.
- Persoas desempregadas.....50% de desconto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

5.2. Prezo público pola asistencia ao curso de prevención de riscos laborais básico.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 26/04/2019 de prezo público para a asistencia ao curso de prevención de riscos laborais básico, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 13.05.2019.

Vistos o informe técnico do 25/04/2019 e o informe de intervención do 02/05/2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de prevención de riscos laborais básico, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....50,00 €.
- Persoas desempregadas.....50% de desconto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

5.3. Prezo público pola asistencia ao curso de monitor de educación ambiental e organización de rutas.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 26/04/2019 de prezo público para a asistencia ao curso de monitor de educación ambiental e organización de rutas, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 13.05.2019.

Vistos o informe técnico do 25/04/2019 e o informe de intervención do 02/05/2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de monitor de educación ambiental e organización de rutas, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....40,00 €.
- Persoas desempregadas.....50% de desconto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

5.4. Prezo público pola asistencia ao curso de atención a persoas dependentes no fogar básico.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 26/04/2019 de prezo público para a asistencia ao curso de atención a persoas dependentes no fogar básico, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 13.05.2019.

Vistos o informe técnico do 25/04/2019 e o informe de intervención do 07/05/2019.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de atención a persoas dependentes no fogar básico, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....50,00 €.
- Persoas desempregadas.....50% de desconto.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde en funcións declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.



O alcalde en funcións
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González